



## O 6 de Decembro, tod@s a Compostela!

- [Autodeterminación](#) [1]
- [Causa Galiza](#) [2]

Un ano mais a entidade soberanista [Causa Galiza](#) [3] convoca a tod@s @s nacionalistas a manifestarse contra a Constitución española o vindeiro día 6 de Decembro. Este ano a manifestación sairá ás 12:00 hrs do Paseo central da Alameda.

Co obxectivo de socializar a reivindicación do dereito á autodeterminación, a entidade soberanista está a realizar un intenso traballo nestas semanas: reunións con colectivos, reparto de propaganda nas rúas e centros de traballo e a edición de diverso tipo de material.

A manifestación deste 6 de Decembro rematará na Praza do Toural onde se dará lectura ao manifesto e se incluírán actuacións musicais. A partir das 15 hrs, na carballeira de Santa Susana, realizarase un xantar popular polo prezo de 12 euros. Finalmente, a partir das 19:00 hrs comezará o concerto no que actuarán Mini e Mero, Homes sen Medo, Leo e Arremecaghona, Ultraqans e Ataque Escampe.

Desde o Movimento pola Base cremos importante o fortalecemento deste tipo de iniciativas e animamos a tod@s @s patriotas a participar na manifestación deste Domingo e nos actos posteriores (xantar e concerto). [Para mais información pulsa aquí](#) [4].

- [Autodeterminación](#)
- [Causa Galiza](#)

**Source URL:** <http://www.polabase.net/nova/2009/11/30/o-6-decembro-tods-compostela>

### Links:

[1] <http://www.polabase.net/novas/marcas/autodeterminacion>

[2] <http://www.polabase.net/novas/marcas/causa-galiza>

[3] <http://causagaliza.org/home/>

[4] <http://causagaliza.org/home/?p=309#more-309>